



## / O que fixemos... /

### Actuacións teatrais.

O día sete de febreiro, o Grupo de Teatro Tanxedoira fomos actuar á Residencia SAR QUAVITAE en Matogrande.

Teríamos de ter comezado ás 17:30, mais tardaron un bocado en baixar os residentes ao salón de actos. E cando estiveron todos e todas nos seus sitios e nos anunciou a cordinadora do centro, comezamos coa representación.

Nesta ocasión foi un fragmento da obra de teatro *La ciudad no es para mí*, levada a cabo á grande pantalla no seu momento por Paco Martínez Soria.



Unha escena da representación en Sar Quavitae.

Tanto os residentes como os seus familiares e o resto do persoal que presenciou a obra desfrutaron moito, xa que os membros do grupo de teatro fixémoslles pasar unha tarde chea de alegría e emocións.

Ao final da representación, o grupo de teatro quedou emplazado para volver noutra ocasión, xa que as críticas e a acollida foron moi boas.

O día nove de febreiro, o Grupo de Teatro Tanxedoira volveu actuar, e esta vez fíxoo na residencia El Remanso, de Los Rosales, e representou dous fragmentos de dúas zarzuelas: **La tabernera del puerto** e **La dolorosa**.



El Remanso. Recibindo os aplausos do público.

A representación comezou ás 18 h., despois de que Mendy, o organizador dos eventos, fixera a presentación, dando unha fabulosa acollida ao grupo de teatro e falando da nosa asociación.

Desta volta, tanto os residentes como os familiares e demais persoal que se atopaba no salón desfrutou moito coa actuación dos actores, xa que nas súas caras se reflectía a ledicia, que, finalmente, é o que máis importa.

Tanto a directora como os coordinadores ficaron moi agradecidos e convidaron o grupo de teatro para outra nova actuación🎭

**María Jesús Sánchez.**

# ¡A laconada de Tanxedoira!

A laconada defínese coma un costume social culinario en torno á preparación do lacón con grelos. E non podería ser máis acertada dita exposición, porque iso é o que é precisamente: unha reunión social entre amigos, na familia, arredor dun dos pratos máis típicos da nosa terra.

Unha moi boa excusa, moi galega por certo, de reunir a familia. E falo de familia, porque Tanxedoira non é só unha Asociación Cultural. Ao menos eu non a vexo así.

Eu non son da Coruña e, aínda que levo aquí máis de 15 anos, non me sentín nunca tan preto dun grupo de persoas coma con vós. Cubrides un oco de cariño que, para os que vivimos lonxe da casa, é moi grande. Grazas por abrimos as vosas portas e os vosos corazóns. E grazas por ser serdes como sodes: agarimosos, xenerosos, divertidos... espero que nunca, ninguén, trunque o espírito que impregna Tanxedoira.

Escribo estas liñas o mesmo sábado da laconada, ao abrigo do noso fogar, cando a noite xa pecha o día, e debúxase un sorriso no meu rostro. Lembro – aínda é moi recente- como comemos, ben por suposto; como rimos, moito -ese Manolo disfrazado de Elsa-, e por suposto fixemos o mellor que se nos dá: cantar. Todo o repertorio. Non quedou ningunha peza por lembrar, refrescar ou destrozarse según se mire (prometo berrar menos de aquí en diante ;-P).



Unha das mesas e algúns dos disfraces.

Nas familias hai momentos para todo, e os máis importantes, os que máis unen, os que nos quedan na lembranza son estes, os de festa, os de compartir.

Viva o Entroido! E viva Tanxedoira! 🎵

*José Luis Reza.*

## Visita al centro "Sagrada Familia" de Cáritas.

O pasado 25 de febreiro o coro Tanxedoira amenizou os residentes do Centro de Día Sagrada Familia de Cáritas, con alegres cancións de taberna, que eles souberon agradecer con fortes aplausos.

O repertorio, o habitual nestas ocasións: Clavelitos, Catro vellos mariñeiros, Yo vendo unos ojos negros, A Rianxeira etc.



Guitarras e voces que quentan corazóns.

Hora e media de cánticos "espirituais" aos que se sumaron os residentes e algunha das cuidadoras, con xestos que expresaban claramente a súa alegría e satisfacción por aquel momento.

Acho, e coido que non me trabuco, que máis unha vez deixamos un pouso de felicidade nestas persoas maiores que tanto o merecen.

Felicitémonos a familia Tanxedoira por estas actuacións que nos fan máis humanos e solidarios... e agardemos que se sigan a repetir.

Despois da actuación, o persoal de Cáritas reiterounos o seu agradecemento e con desexos de volvermos pronto, agasallounos con café, pastas e zume 🎵

*Carlos Gomez-Ibarlucea.*

## Actuación na Residencia Padre Rubinos.

Á segunda foi a vencida! Despois dun pequeno aprazamento, por fin o pasado sábado 4 de marzo puidemos visitar a Residencia de Padre Rubinos. A iso das cinco da tarde fomos chegando a esa moderna e chamativa instalación de cor branca situada a carón do barrio Los Rosales. Para min era unha ocasión moi especial: o meu bautizo co coro de Tanxedoira, e non puideron evitar ter os nervios do principiante...

Despois da afinación das guitarras e da preparación do coro no “backstage”, saímos ao escenario do Salón de Actos entre os aplausos de benvinda dos maiores da Residencia e dalgúns familiares e empregados. O noso director, David, fixo unha breve presentación e sen máis preámbulos as voces e as cordas comezaron a soar...”A Rianxeira”, “Clavelitos”, “O Gato”, “O Sacristán de Coímbra” e tantas outras, salpicadas cos aturuxos (metade galegos e metade mexicanos) de Manolo. O entregado e agradecido público acompañaba os estribillos máis coñecidos, que de seguro evocaban lembranzas doutros tempos, e explotaba en aplausos ao remate de cada peza. Teño que recoñecer que en algún momento se me quebrou a voz vendo os sorrisos e a ilusión que desprendían os rostros que tiñamos ante nós.



*Nutrido grupo de Tanxedoira na actuación.*

Pouco a pouco a actuación chegaba ao seu fin. Antes de rematar, ante as peticións de “outra, outra” atrevímonos coa canción de “El Rey”. Pechamos coas amabales palabras da vicepresidenta da institución Padre Rubinos, que agradeceu a nosa presenza e nos empozou a repetila pronto.

Xa de volta no “backstage”, algúen levou unha pequena sorpresa: os acordos do “Cumpleanos Feliz” soaron para felicitar a un dos nosos guitarristas: era Tito, que estaba de aniversario!

Antes de partir, algúns tivemos a oportunidade de conducir os residentes en cadeiras de rodas até o interior da instalación, onde ían cear. De novo alí repetíanse as mostras de agradecemento, e un non pode deixar de pensar no pouco esforzo que supón repartir un pouco de ledicia e ilusión.

Por último, quero aproveitar para agradecer a toda a familia Tanxedoira a cálida acollida que recibín desde o minuto un, como novo membro da Asociación. Moitas grazas a todas e atodos!

Apertas 


**Antonio Larrosa.**

## Actuación en Sar Quavitae.

O día 25 de Marzo, unha actuación de Tanxedoira levou alegría ás persoas maiores, neste caso a aquelas que teñen a súa residencia en SAR QUAVITAE. Asistiu un numeroso grupo de cantantes acompañado dalgúnhas guitarras, e interpretaron cancións populares que animaron aos asistentes.



*Os representantes de Tanxedoira..*

O grupo saíu dalí coa alegría que lle contaxiou a audiencia, confiando en se presentaren futuras oportunidades para repetir a experiencia 

**José Luis Ponte.**

## Premio “Cardo de Bronce”.

A nosa Asociación recibiu un novo recoñecemento, o CARDO DE BRONCE, galardón que lle foi concedido pola Comisión Organizadora de HOGUERAS-2017.

Desde aquí quérese agradecer á COMISIÓN PROMOTORA DE HOGUERAS DE SAN JUAN na Coruña, o recoñecemento do labor desenvolvido por Tanxedoira, á vez que felicitamos a todos os nosos asociados pola parte que lles corresponde, a o facer posíbel coa súa colaboración a obtención do citado premio

*A.C. Tanxedoira.*

## Festival do XXXIX Aniversario.

O sábado 22 de abril celebramos a gala do 39 aniversario da nosa asociación. Foi coma sempre un espectáculo cheo de ledicia, camaradería e bo humor. Para esta ocasión contamos con grupos convidados como a Banda de Ordes e o cuarteto Son de Monelos. As nosas presentadoras Olga e Ana fixéronnos pasar un rato delicioso amenizando as pausas entre actuacións cunhas simpáticas intervencións, incluso invitando á parte miúda do público a subir ao escenario para deleitarnos con algúns chistes.



*Actuación da Banda de Ordes.*

As actuacións foron moi aplaudidas, pedindo o público a todos os participantes bises de xeito insistente. A grandiosidade dunha banda coma a de Ordes encheu o escenario do son potente dos instrumentos de metal e madeira; as delicadas cancións de todos os tempos do grupo Son de Monelos fixo a todos movernos no asento e tararear as letras que todos coñecemos... E coma sempre, o Coro e a Rondalla Tanxedoira facendo as delicias da audiencia, ofrecendo mostra dos seus variados repertorios e o seu bo facer... unha marabilla!

Ao final... a festa de celebración. Como non, demos conta duns petiscos (petiscos?... non, aquilo era unha barbaridade) e, por suposto, dunha fermosa tarta de aniversario. Alí estivemos todos rindo, cantando e pasándoo estupendamente até ben entrada a noite.

O ano que vén é un aniversario ben redondo, cumpriremos 40 anos... Agardamos poder compartir unha efeméride tan importante coma esa con todos os tanxedoiros, tanxedoiras e tanxedoiriños, así coma cos bos amigos que sempre están aí cando os necesitamos e nos botan unha man para que todo saia sempre tan ben

*Luis Carlos Manteiga.*

**¡Aqueles maravillosos anos!**



30/06/1984. A Asociación no Concurso Cantareliña.

# / A destacar.../

## Axenda

📅 17 de Maio.

**SAGRADA FAMILIA.-** 19:00 h. Programa “Hogueras de San Juan 2017”. Actuación do grupo de teatro no Centro Social, representando a obra “Hoy todos son líos”. Entrada de balde.

📅 20 de Maio.

**FESTIVAL DE VALDOVIÑO.-** 17:00 h. Participación do Coro e Rondalla de Tanxedoira.

📅 1 de Xunio.

**XX CERTAMEN DE TEATRO CANDILEJAS DON BOSCO.-** Coa participación de Tanxedoira, poñendo en escea a obra “Hoy todos son líos”. IES Calvo Sotelo. 20:00 h. Entrada de balde.

📅 10 de Xunio.

**COMIDA GRUPOS ARTÍSTICOS.-** Celebrarase no Local Social ás 14:00 horas. Os asistentes colaborarán achegando os manxares que se haberán de consumir. No taboleiro, dispoñeráse de listaxe para indicar produtos que se achegarán e lograr obter un menú variado.

📅 12 a 16 de Xunio.

**EXPOTANXE.-** Mostra de traballos feitos polo alumnado de labores e pintura. Local social de 18:00 a 20:00 horas.

📅 17 de Xunio.

**FESTIVAL FIN DE CURSO.-** Actuacións de diferentes grupos do alumnado, ademais do Coro e a Rondalla. Non faltarán os sorteos. C. C. Mesoiro. 17:30 h. Entrada de balde.

📅 18 de Xunio.

**COMUÑÓNS.-** 12:30 h. Actuación do grupo Tanxedoira na Parróquia Resurrección do Señor. C/ Petunias.

📅 30 de Xunio.

**ASEMBLEA XERAL ORDINARIA.-** Celebrarase no Local Social, e comunicaranse a orde do día e a hora.

📅 1 de Xulio.

**SARDIÑADA.-** Darase publicidade do lugar, hora e prezo do evento.

📅 2 de Xulio.

**EXCURSIÓN FIN DE CURSO.-** Facilitarase a información polas canais habituais.

📅 9 de Xulio.

**COMUÑÓNS.-** 12:30 h. Actuación do grupo Tanxedoira na Parróquia Resurrección do Señor. C/ Petunias.

📅 25 de Xulio.

**COMUÑÓNS.-** 12:30 h. Actuación do grupo Tanxedoira na Parróquia Resurrección do Señor. C/ Petunias.

## / Non perdas.../

### IV Certame de fotografía Fernando Pombo.

Lembrede que aínda estades a tempo de participaren no Certame.

O prazo remata o día 31 de maio, as 23,59 h. Todo aquel que desexe participar atopará as bases completas do Certame no noso blogue e na web [www.tanxedoira.org](http://www.tanxedoira.org)

**ANIMARVOS!**